

# Outono de actividades para os clubs da Rede Museística — Museo Provincial do Mar—



*Outono cedo de gaitas,  
moceiro de ledas choivas,  
meu nemigo!*  
[Alvaro Cunqueiro]

Poñámoslle boa cara ao previsible mal tempo, a pesar dos reparos dos versos de don Álvaro Cunqueiro. Co cambio de estación (outono-inverno), e de hora, os museos da Rede ofrecen novas actividades aos integrantes dos seus clubs Pequeamig@s, Ei! e Sénior. Actividades, por tanto, abertas á participación de todas e todos, de calquera idade ou inquietude.

Neste 2016 celebramos 10 anos en-re-da-dos, unha década de experiencias compartidas a través dunha Rede Museística creada en 2006 para que os catro museos integrados puidesen atender máis eficazmente a súa función social.

Nesa liña e con ese compromiso inicial, a área de Cultura da Deputación de Lugo e os museos da Rede Museística programan nos catro museos obradoiros e outras actividades que procuran un lecer activo, creativo e participativo. Son espazos tamén para o diálogo, para o intercambio cultural, para activar sinerxías e accións combinadas para que entre todos os museos e as persoas que participan nas actividades a realizar, construíamos un futuro mellor.

## **PROGRAMA**

### **»Obradoiro: Tempos da castaña**

Cando se achega a data de santos comezan os magostos. Neste tempo, con cada castaña que comemos liberamos unha alma do purgatorio.

No Museo Provincial do Mar imos tirar do fío da memoria dos membros do Club Sénior que de seguro apañaron moitas veces castañas, ceáronas en caldo ou con leite, ou coméronas con arenques.

Datas: 25 de outubro

Horario: de 17:00 a 18:30 h  
Idades: Club Sénior  
Nº de asistentes: Sen límite

**»Obradoiro: Samaín no museo**

A tradición celta de celebrar a fin do verán, tempo de luz e calor; para darlle paso ao inverno, tempo de escuridade e frío ten unha fonda tradición en A Mariña. Moitos anos antes do Halloween comercial, os máis cativos adicábanse a baleirar cabazas e nabos, para tallar terroríficos sorrisos que brillaban grazas ás candeas que introducían no interior. Ademais, segundo as crenzas, esa noite comunícanse o mundo dos vivos e o dos mortos, logrando o reencontro entre persoas queridas.

Co Club Pequeamig@s coñeceremos as orixes desta celebración celta e faremos algunha monstruosa creación.

Datas: 1 de novembro  
Horario: de 11:30 a 13:00 h  
Idades: Club Pequeamig@s  
Nº de asistentes: 15

**»Obradoiro: Grupo de cine**

Cine a carón do mar. Mediante xogos de creación colectiva aproxímanse á interpretación actoral do cinematógrafo. Propoñendo crear unha historia co relato “O Rifante” de Castelao e xogando cos elementos que emerxen do mar. Así crearanse pequenas pezas audiovisuais que ó final permitan conformar un vídeo resumo do taller de cine.

Datas: 17 de novembro (de 17:00 a 19:00 h.) e 1 de decembro (de 17:30 a 18:30 h)  
Idades: A partir de 60 anos  
Nº de asistentes: Máximo 20

**»Obradoiro: Outono no mar**

O outono é tempo de castañas, noces e abelás; de ventos que sopran levando follas e pólas de aquí para alá; de chuvias que enchen os camiños de lama; de fermosas cores alaranxadas, marróns, amarelas; de cheiro a fraga e a terra mollada. As curtas tardes solleiras e enxotas do outono son ideais para pasear pola praia, recoller os tesouros que o mar se encarga de deixar na area e usalos para facer magníficas creacións.

Datas: 19 de novembro  
Horario: de 11:30 a 13:00 h  
Idades: Club Pequeamig@s  
Nº de asistentes: 15

**»Obradoiro: Non existe o imposible**

O 3 de decembro é o Día Mundial da Discapacidade. Aínda que na Rede Museística Provincial de Lugo traballamos todos os días na procura da accesibilidade e da inclusión das persoas, neste día en concreto queremos seguir achegándonos a esta importante realidade da nosa sociedade.

Descubriremos moitas proezas incríbeis que, con esforzo e tenacidade, logran estas persoas.

Datas: 3 de decembro  
Horario: de 11:30 a 13:00 h  
Idades: Club Pequeamig@s  
Nº de asistentes: 15

### »Obradoiro: Sociedades plurais e diversas

Son máis de 150 millóns de persoas as que viven lonxe dos seus países dos que tiveron que marchar á procura dun futuro mellor por causas económicas, sociais, de catástrofes naturais ou conflitos e guerras. A ONU declarou o 18 de decembro como Día Internacional do Migrante para non esquecer que, segundo a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, todos os seres humanos nacemos libres e iguais en dignidade e dereitos, e toda persoa goza dos dereitos e liberdades proclamados nela, sen distinción de ningún tipo; en particular de raza, cor ou orixe. Así mesmo, debemos recoñecer a aportación destas persoas para o avance social, económico e cultural.

Partindo da diversidade e heteroxeneidade, descubriremos cos membros do Club Pequeamig@s como chegar a crear un mundo en común.

Datas: 17 de decembro

Horario: de 11:30 a 13:00 h

Idades: Club Pequeamig@s

Nº de asistentes: 15

### »Obradoiro: A mesa do Nadal

As comidas e ceas das festas de Nadal sempre tiveron gran importancia na nosa cultura. É costume xuntarse toda a familia arredor da mesa cos mellores manxares. No caso das familias mariñeiras, nas comidas que se preparaban antigamente, o marisco era substituído por asados ou cocidos, pois abundaban menos e, por iso, eran máis apreciados que os froitos do mar.

Datas: 20 de decembro

Horario: de 17:00 a 18:30 h

Idades: Club Sénior

Nº de asistentes: Sen límite

### »Obradoiro: O tizón de Nadal

O Nadal está cheo de costumes e tradicións que ao longo do tempo pasan de xeración en xeración. Decorar árbores, enviar tarxetas de felicitacións, cantar panxoliñas, poñer os nacementos, etc.

Nesta actividade investigaremos de xeito divertido a orixe e o sentido destes costumes e, en concreto, da tradición do tizón de Nadal, propia da nosa cultura.

Datas: 28 de decembro

Horario: de 11:30 a 13:00 h

Idades: Club Pequeamig@s

Nº de asistentes: 15

### »Obradoiro: O ceo de Nadal

Para os navegantes a observación do ceo e das estrelas foi sempre primordial para poder localizarse e seguir o rumbo. Para logralo debían ter en conta que o ceo non é o mesmo segundo as diferentes partes do planeta, nin nas distintas estacións do ano. Así durante o Nadal, dende o hemisferio norte podemos ver as constelacións do Can Maior, Can Menor; Cocheiro de Xéminis, Tauro e Unicornio.

Neste obradoiro os Pequeamig@s farán a súa propia constelación zodiacal, o que seguro lles resultará moi interesante.

Datas: 29 de decembro

Horario: de 11:30 a 13:00 h.

Idades: Club Pequeamig@s

Nº de asistentes: 15

»**Obradoiro: Vilancicos e panxoliñas**

Os vilancicos naceron arredor do S. V para transmitirles a liturxia da Natalidade a aldeáns e campesiños que non sabían ler. Naquela época, como a estes se lles chamaba viláns, os cantos tomaron o nome de vilancicos. Letras de Nadal, de reis, xaneiras; acompañábanse de pandeiretas, cunchas ou botellas de anís.

Nesta actividade imos facer a nosa propia pandeireta!!

Datas: 4 de xaneiro

Horario: de 11:30 a 13:00 h.

Idades: Club Pequeamig@s

Nº de asistentes: 15

»**Obradoiro: Almanaque mariñeiro**

Cando chega un novo ano é imprescindible dispor dun almanaque no que ir planificando as nosas actividades. Tamén é moi importante saber que, no referido á pesca, cada especie ten as súas épocas de veda e desova.

No almanaque que confeccionaremos, imos marcar as épocas máis axeitadas para a pesca en cada mes.

Datas: 5 de xaneiro

Horario: de 11:30 a 13:00 h.

Idades: Club Pequeamig@s

Nº de asistentes: 15

\*\*\*

**Museo Provincial do Mar**, San Cibrao, Cervo. Tfno.: 982 59 45 72 /

[museodomar@museolugo.org](mailto:museodomar@museolugo.org)

de Lemos. Tfno.: 982 165 534 / [pazodetor@museolugo.org](mailto:pazodetor@museolugo.org)

**Xerencia da Rede Museística**: Tfno.: 699 836 883 / [xerencia-](mailto:xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org)

[redemuseos@deputacionlugo.org](mailto:redemuseos@deputacionlugo.org)



REDE MUSEÍSTICA  
PROVINCIAL DE LUGO  
MUSEO PROVINCIAL DO MAR

